



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS AO EMPRENDEMENTO NO RURAL

O luns día 16 de decembro de 2019 saíron publicadas no BOP a convocatoria e as bases reguladoras das axudas á formación de mozos e mozas para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora, programa **PRENDE!BOTA RAÍCES NO RURAL**.

FINALIDADE

O obxectivo do programa é contribuír á formación de mozos e mozas en materia de autoemprego e creación de empresas, así como nas seguintes materias específicas: hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e medioambiente, sectores considerados emerxentes na provincia.

BENEFICIARIOS

Mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

- Maiores de 16 e menores de 30 anos no momento da solicitude inscritos no sistema nacional de garantía xuvenil.
- É obriga indispensable estar empadroado durante o período de vixencia da subvención nalgún dos municipios recollidos no Anexo I das citadas bases.
- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

CONTÍAS

A contía da axuda será de **13,45 euros por día de asistencia á formación**, para cubrir os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación por coidados familiares.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** dende o seguinte ao da publicación da convocatoria do programa no BOP.

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 19 de decembro de 2019.
O Alcalde.
Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

